



Procedemento	Negociado
Expediente	Seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Culleredo
Versión	Definitiva aprobada por Resolución n° _____

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE CULLEREDO

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do contrato regulado no presente prego o aseguramento da responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Culleredo, que figurará como tomador da correspondente póliza de seguro, co alcance e extensión definidos nos Pregos de Condicións Técnicas.

Código CPV: 66510000-8 Servizos de seguros

2. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación, como importe máximo da prima total, é o que se especifica no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, que figura como ANEXO nº 1 (en adiante "cadro de características").

Todas as ofertas deberán indicar por separado a contía correspondente ao prezo neto do contrato e, de ser o caso, a contía correspondente ao IVE. Na contratación destes servizos entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 LCSP e modelo de oferta económica deste prego (ANEXO Nº 2). Para a comparación do elemento "prezo" das ofertas terase en conta, exclusivamente, o prezo neto de cada unha.

En canto ao sistema de determinación do prezo, indicase que está referido a un tanto alzado.

3. FINANCIAMENTO

Para atender ás obrigas derivadas deste contrato, existe crédito suficiente no orzamento da Corporación, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no epígrafe 3 do cadro de características.

4. REVISIÓN DE PREZOS

Os prezos de contratación dos servizos comprendidos neste contrato, considerando o seu prazo de prestación, non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e polo tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

5. PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase polo procedemento negociado, previsto e regulado polos artigos 153, 154 e 158 LCSP. No epígrafe 17 do cadro de características establecerase a posibilidade de incluír variantes ou melloras.

6. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

As persoas interesadas poderán consultar os pregos e obter copias dos mesmos no lugar que se indica no epígrafe 6 do cadro de características.

7. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

7.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as compañías de seguros legalmente constituídas e inscritas nos Rexistros Administrativos da Dirección Xeral de Seguros do Ministerio de Economía e Facenda que estean autorizadas para operar no ramo ao que se refire o prego, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera os artigos 43 e 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a LCSP, se encontren debidamente clasificadas. (Ver epígrafe 5 do cadro de características)

7.2.- Unións de Empresarios:

Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos a que se refire a cláusula 10 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contias significativas.

Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Non obstante no caso de resultar adxudicataria, deberá formalizarse a unión de empresarios en escritura pública dentro do prazo máximo de 15 días a contar desde a notificación da adxudicación do contrato.

8. SOLICITUDE DE OFERTAS E PERFIL DO CONTRATANTE.

A adxudicación realizarase con consulta anterior, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. Para elo, publicarase un anuncio de solicitude de ofertas no perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de internet na dirección que se indica no epígrafe 8 do cadro de características do contrato, e de conformidade co disposto nos art. 42, 37, 125, 126, 135, 138,175, 176, 181 e 309 da LCSP.

9. PROPOSTAS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As propostas para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, en horas de nove a catorce de luns a venres, e de nove a trece os sábados e en tres sobres pechados (ver Anexo III), que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.

Cada licitador non poderá presentar máis de unha proposición, sen prexuízo da achega de variantes cando as admita o prego de condicións administrativas particulares. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si xa o fixera individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. O

incumplimento destas limitación dará lugar á non admisión de todas as proposición por el subscritas. (art. 129.3 LCSP)

No suposto de que as propostas se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (981677646) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das propostas a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de sobres e a adxudicación do contrato.

A presentación das propostas presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade destas cláusulas sen salvidade algunha.

Unha vez que remate o prazo de recepción de propostas, o funcionario responsable do Rexistro xeral expedirá unha certificación onde se relacionen as propostas recibidas, as presentadas por correo pero aínda non recibidas ou, de ser o caso, a ausencia de licitadores, que remitirá ao departamento de Contratación.

10. PROPOSTAS: DOCUMENTACION.

10.1.- Sobre A: Subtitulado 'Documentación'.

No anverso do sobre figurará a mención: "Documentación para a contratación do SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE CULLEREDO presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax)".

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular do ámbito territorial onde estea o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados asinantes do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 do LCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome da que concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito anteriormente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo regulamento do mesmo

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deben ser bastanteados anteriormente polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado. Tamén con anterioridade, o licitador deberá aboar a taxa por bastanteo, facendo constar no mesmo o concepto "bastanteo de poder para o procedemento de licitación _____"

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a empresa adxudicataria presente xustificación acreditativa de tal requisito antes da adxudicación definitiva. A declaración axustarase ao seguinte modelo:

<p>D./D^a.</p> <p>Con DNI</p> <p>e domicilio en</p> <p>provincia de</p> <p>rúa nº</p> <p>en nome propio ou en representación da empresa</p> <p>á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de servizos</p> <p>- Título:</p> <p>Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP</p> <p>Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas en período executivo co Concello de Culleredo.</p> <p>(Lugar, data e sinatura do proponente)</p>
--

F) Certificación expedida polo órgano competente da Dirección General de Seguros, acreditativa de que a compañía está autorizada para realizar a actividade aseguradora no ramo ao que se refire o obxecto do contrato.

G) Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional nos supostos nos que non sexa esixible a clasificación.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira mediante a presentación de declaracións apropiadas de entidades financeiras.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia técnica mediante :

- Unha relación dos principais contratos de aseguramento realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os mesmos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o

destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 7 do presente prego.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

L) Declaración, no seu caso, do número de traballadores discapacitados e porcentaxe que supón sobre o cadro de persoal total.

M) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, caso no que estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia .

Non obstante aquelas empresas que figuren inscritas no rexistro oficial de licitadores da Xunta de Galicia ou no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados: A), B), C), D)e E) sempre que os citados documentos estean vixentes. A tales efectos, de conformidade co disposto no artigo 130.3 LCSP, cando acrediten a clasificación e a personalidade xurídica e da súa representación mediante a referencia á inscrición nun Rexistro de licitadores, deberán acompañar unha declaración responsábel do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

N) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

<p>D./D^a.</p> <p>Con DNI</p> <p>e domicilio en</p> <p>provincia de</p> <p>rúa n^o</p> <p>en nome propio ou en representación da empresa</p> <p>á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de servizos</p> <p>- Título:</p> <p>Autoriza ao Concello de Culleredo, como administración contratante, a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente de súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno</p>

Ñ)) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

10.2. **Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas".**

No anverso do sobre figurará a mención: "referencias técnicas para a contratación do SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE CULLEREDO presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax)".

Achegarase unha memoria

- comprensiva dos riscos excluídos e das garantías adicionais que se oferten, para a súa valoración conforme ao sinalado neste Prego de condicións.
- descritiva da organización e metodoloxía de traballo a seguir na tramitación de sinistros.

Achegaranse, de ser o caso, neste sobre os documentos que xustifiquen os requisitos referentes aos aspectos técnicos que sexan obxecto da negociación coas empresas,

Só se poderá tomar en consideración as variantes ou melloras que previran expresamente no prego (epígrafe 17 do cadro de características).

10.3. **Sobre C: Subtitulado "Oferta económica".**

No anverso do sobre figurará a mención: "oferta económica para a contratación do SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE CULLEREDO presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax)".

Conterá a proposta económica presentada estritamente conforme ao modelo que figura como Anexo Nº 2 deste prego. No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das propostas.

11. **GARANTÍA PROVISIONAL**

De acordo co disposto no art. 91 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

12. **DOCUMENTOS. ORIXINAIS E COPIAS**

Os documentos que se acompañen ás propostas deberán ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

13. **IDIOMA**

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non facelo así, teranse como non postos. Consideraranse documentos sen posibilidade de emenda e non poderán ser obxecto de valoración.

II. **ADXUDICACIÓN**

14. **APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.**

14.1 **Apertura das propostas.**

Unha vez que remate o prazo de presentación de ofertas, o departamento encargado da contratación administrativa, tras a correspondente orde do órgano de contratación, procederá á apertura e cualificación da documentación contida no sobre de documentación administrativa, estendéndose unha acta na que se recolla o resultado da cualificación. Se se observasen defectos materiais na documentación poderá concederse un prazo de tres días para que o licitador emende o erro.

No caso de que os licitadores acrediten a capacidade de obrar esixida no presente prego para ser admitidos ao proceso de negociación, procederase á apertura dos

sobres que conteñan a documentación técnica e a proposta económica. Co obxectivo de formular a correspondente proposta de adxudicación, o órgano de contratación poderá solicitar cantos informes estime precisos coa fin de valorar os aspectos obxecto de negociación recollidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares específicas. Unha vez que se viron e analizaron os informes requiridos, formularase proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

14.2 Rexeitamento de propostas.

Se algunha proposta non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposta, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que existe erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada en resolución motivada.

14.3 Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase da tramitación do expediente, por exemplo durante o prazo de presentación de ofertas, antes ou despois de:

- a) a apertura de plicas,
- b) a adxudicación provisional ou definitiva,
- c) antes da formalización do contrato,
- d) o inicio e execución dos servizos,
- e) a recepción etc.

faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias previstas na LCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituir a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante ao disposto nos apartados anteriores, no caso de que a administración non acordase a adxudicación provisional no prazo de 3 meses, a contar desde a apertura das propostas, o contratista terá dereito a retirar a súa proposta, de conformidade co disposto no art. 145.4 da LCSP.

14.4 Aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación.

O órgano de contratación negociará cos licitadores as ofertas que estes presentaran para adaptalas aos aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación coa fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa. A adxudicación recaerá no

licitador que, no seu conxunto, faga a proposta economicamente máis vantaxosa, tendo en conta os criterios que a continuación se enumeran, sen atender exclusivamente ao prezo da mesma e sen prexuízo do dereito da administración a declaralo deserto. Os criterios de negociación para a adxudicación do contrato son os seguintes:

- a) Oferta económica.
- b) Extensión de coberturas e redución de exclusións respecto do prego de prescricións técnicas. Dentro deste apartado, valorarase tamén a redución da franquicia máxima prevista no prego de prescricións técnicas e a ampliación do sublímite por vítima por riba do mínimo establecido
- c) Organización e metodoloxía de traballo na tramitación de sinistros.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal un número de traballadores discapacitados superior ao 2% de conformidade co establecido na disposición adicional 6ª da LCSP.

15. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA.

A) ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Unha vez que remate a negociación, o órgano de Contratación, en resolución motivada, acordará a adxudicación provisional do contrato a favor da oferta economicamente máis vantaxosa ou declarará deserta a licitación.

A adxudicación provisional concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

A resolución de adxudicación provisional será notificada aos candidatos e publicarase no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de Contratación, segundo se indica no epígrafe 8 do cadro de características. Se as persoas interesadas o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposta e das características da proposta do adxudicatario que foron determinantes na adxudicación ao seu favor.

B) ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Unha vez que transcorran quince días hábiles desde a publicación da adxudicación provisional (no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de contratación, segundo se indica no epígrafe 8 do cadro de características), e se presente a documentación que a continuación se sinala, no prazo máximo de 10 días hábiles, elevarase a definitiva a adxudicación provisional.

A resolución de adxudicación definitiva será publicada no perfil de contratante, así como notificada directamente ao adxudicatario e aos restantes licitadores, sen prexuízo da súa publicación no BOP, de ser o caso.

Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá:

- a) Presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.
- b) Presentar a documentación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas: a tal efecto, achegarán o xustificante de estar dado de alta no referida ao exercicio corrente, ou a copia da carta de pagamento do Imposto do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.
- c) Escritura de formalización da Unión Temporal de Empresarios. No caso de que o adxudicatario provisional sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.
- d) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 53.2 da LCSP que lle reclame o órgano de contratación.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicatario provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, antes de proceder a unha nova convocatoria, a Corporación poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na negociación, sempre que isto fose posible e que a nova adxudicatario prestara a súa conformidade, caso no que se concederá a este un prazo de 10 días hábiles para cumprimentar o sinalado no punto anterior desta cláusula.

16. FORMALIZACION DO CONTRATO.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá acreditar ante o órgano de contratación ter aboado o importe total dos anuncios de licitación e, de ser o caso, o da publicación noutros medios de difusión, dentro dos límites máximos de posible repercusión establecidos no epígrafe 13 do cadro de características)

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos dez días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

A proposta de mellora aceptada, de ser o caso, polo órgano de contratación na adxudicación formará parte do contrato, debendo, para tal efecto, recollese expresamente no mesmo. Simultaneamente coa sinatura do contrato deberá ser asinado polo adxudicatario o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas, que formarán parte do contrato como anexo ao mesmo.

17. TRIBUTOS

O adxudicatario estará obrigado a aboar os tributos que pesen sobre o contrato ou de ser o caso sobre o obxecto do contrato.

III. EXECUCION DO CONTRATO

18. RESPONSABLE DO CONTRATO. EXECUCIÓN DO CONTRATO

18.1.- Responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física o xurídica.

A designación ou non do responsable do contrato, e o exercicio ou non polo mesmo das súas facultades, non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas a orde directa do mesmo.

O nomeamento do responsable do contrato será comunicado por escrito ao contratista no prazo de quince días desde a data de formalización do contrato e, de ser o caso, a súa substitución en idéntico prazo, desde a data na que se producira.

O contratista, sen custos adicionais, facilitará á administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información, que esta estime necesarias para o aproveitamento da prestación contratada.

18.2.- Execución do contrato.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

19. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será o fixado no epígrafe 4 do cadro de características e comezarán a contar a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato.

A mora do adxudicatario non requirirá a anterior intimación por parte da administración.

Por mutuo acordo das partes antes do remate do contrato, poderá prorrogarse o prazo de execución por un ano máis.

20. CALIDADE

O adxudicatario deberá realizar as prestacións do presente contrato nas condicións mais óptimas de calidade utilizando os medios máis axeitadas para garantir a súa óptima execución.

O Concello poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesarios.

21. RECEPCIÓN

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para súa execución e cumprimento, requirindo, de ser o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados.

A recepción do obxecto do contrato efectuarase de acordo co previsto nos artigos 205 e 283 da LCSP.

22. CUMPRIMENTO NORMATIVA LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

23. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

23.1.- Dereito ao aboamento do servizo que realmente realice con arranxo ás cláusulas do presente prego

23.2.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a oito meses.

23.3.- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 201 da LCSP.

24. PAGAMENTOS

O adxudicatario ten dereito ao aboamento do prezo conviado, con arranxo ás condicións establecidas no contrato, correspondente aos traballos efectivamente realizados e formalmente recibidos pola administración.

O pagamento do prezo realizarase, segundo o que se sinala no epígrafe 15 do cadro de características, dunha soa vez, logo da recepción de conformidade.

O pagamento do prezo efectuarase logo da presentación da factura, debendo ser repercutido como partida independente os impostos que correspondan no documento que se presente para o cobramento, sen que o importe global contratado experimente incremento algún. A factura debe acompañarse da conformidade e informes dos servizos técnicos e administrativos que correspondan, todo isto sen prexuízo das facultades de seguimento contractual que corresponden ao servizo de Contratación.

25. PRÓRROGAS

O contrato poderá prorrogarse por un ano.

26. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O presente contrato entrará en vigor a partir das 00 horas do día 31 de decembro de 2008 (o ao día seguinte ao da sinatura do contrato si por calquera causa non puidera facerse con anterioridade á data sinalada).

A duración do presente contrato é de dous anos, a contar dende a data de entrada en vigor, con posibilidade de prórroga por outro ano máis.

27. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Unha vez que se perfeccionara o contrato o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e de acordo co disposto no art. 202 da LCSP, debendo formalizarse en documento administrativo estas

modificacións con arranxo ao establecido no art. 140 da LCSP.

As regularizacións que se teñan que efectuar nas primas non serán consideradas como modificacións das condicións dos contratos.

A obriga de regularizar corresponde ao asegurado e ao tomador do seguro os cales informarán das cifras correspondentes por escrito dirixido ao asegurado dentro dos trinta días seguintes ao vencemento do período establecido. Entenderase como data de vencemento para o pago das primas procedentes das regularizacións indicadas sesenta días contados desde o día en que sexa presentado ao cobro o recibo correspondente.

28. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía do contrato será o que figura no epígrafe 16 do cadro de características. Se durante este prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos nos servizos prestados, terá dereito a administración a reclamar do contratista a emenda ou rectificación que corresponda.

Así mesmo nestes supostos a administración poderá rexeitar os servizos prestados quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, de ser o caso, á do prezo satisfeito.

Unha vez que remate o prazo de garantía sen que a administración presentara algún dos reparos ou a denuncia a que se refire o art. 283 da LCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

29. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DE PRESTACIÓNS

A. CONFIDENCIALIDADE E SEGREDO PROFESIONAL

Toda a información facilitada pola administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a administración llo autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

B. PROTECCIÓN DE DATOS:

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, no seu remate e con posterioridade ao mesmo, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma.

C. DEREITO DE USO.

O Concello terá o dereito de uso por tempo indefinido e con ámbito mundial de todos os estudos, documentos, traballos ou prestacións realizados con motivo do presente contrato, podendo dispoñer en consecuencia dos mesmos para calquera fin ou actividade de interese municipal que estime oportuno.

30. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as previstas nos artigos 206, 207 e 284 da LCSP, cos efectos previstos nos artigos 208 e 285.

IV. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

31. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Culleredo, é o por delegación do alcalde, a concelleira de economía, facenda, réxime interior e seguridade.

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións por conveniencia do servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, de ser o caso, os posibles danos e prexuízos ocasionados nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público.

32. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de servizos ten carácter privado, sen prexuízo da aplicabilidade ao mesmo das normas de preparación e adxudicación dos contratos administrativos de servizos.

Para o non disposto neste Prego, rexerán entre outras as seguintes disposicións:

- a) en canto á preparación e adxudicación do contrato, rexerá o disposto na Lei 30/2007, de contratos do sector público, no regulamento da Lei de contratos e na Lei de Bases de Réxime local, no RDL 781/86e demais disposicións en materia contractual.
- b) en canto aos efectos e extinción, rexerá a Lei do Contrato de Seguro 50/1982 e demais normativa de dereito privado que teña relación co obxecto contractual.
- c) por calquera outras disposición que regule os servizos dos contratos de seguro privado e a contratación da Administración que resulte aplicable.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

O REGULACIÓN HARMONIZADA	a) contrato non suxeito a regulación harmonizada	<input checked="" type="checkbox"/>	
	b) contrato suxeito a regulación harmonizada	<input type="checkbox"/>	
1. OBXETO. SERVICIO DE	Seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Culleredo		
1.bis. CODIFICACIÓN	Vocábulo común de contratos.	66510000-8 Servizos de seguros	
2. ORZAMENTO	A)Prezo sen IVE	33.000,00	
	B)Imposto sobre o valor engadido (IVE)	Non suxeito	
	C)Total (A+B)	33.000,00	
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	121-224		
4.PRAZO DE EXECUCIÓN	Ata as 23:59:59 horas do día 31 de decembro de 2010, podendo ser obxecto de prórroga por 1 ano.		
5. CLASIFICACIÓN	Non se esixe		
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	CONSULTA: Negociado de Contratación do Concello de Culleredo de 9 a 14:00 horas e no perfil de contratante na páxina web www.culleredo.es PRESENTACIÓN: Rexistro de entrada do Concello de Culleredo, sito en Rúa do Concello, nº 12 Culleredo (A Coruña)		
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	8 días naturais a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de solicitude de ofertas no perfil de contratante		
7.BIS PUBLICIDADE DA LICITACION (indicar a opción elixida)	Concurrencia por invitación	<input checked="" type="checkbox"/>	
	Publicidade mediante anuncio no BOP	<input type="checkbox"/>	
	Publicidade mediante anuncio no perfil de contratante	<input checked="" type="checkbox"/>	
	Publicidade mediante anuncio nun xornal dos de maior tiraxe.	<input type="checkbox"/>	
8.- PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Enderezo páxina web: www.culleredo.es		
	8.2 Publicación de adjudicación provisional (indicar a opción elixida):		
	a) en BOP	<input type="checkbox"/>	
	b) en perfil de contratante	<input checked="" type="checkbox"/>	
9. GARANTÍA DEFINITIVA	Exento de garantía definitiva		
10. TAXAS DO CONTRATO	Bastanteo de poderes: 6,44 €		
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non procede		
12. CONTROL DE CALIDADE			
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	A. DIARIOS OFICIAIS	SI	TARIFA ORDINARIA/URXENTE
	0,00€		BOP
	0,00€		DOG
	0,00€		BOE
	0,00€	B. PRENSA	DIARIO ONDE SE PUBLICA
14. LUGAR DE ENTREGA	Concello de Culleredo, sito en Rúa do Concello, nº 12 Culleredo (A Coruña)		
15. FORMA DE PAGO	PAGO ÚNICO	<input checked="" type="checkbox"/>	
	PAGO FRACCIONADO	<input type="checkbox"/>	
PRAZO O CALENDARIO DE PAGOS	DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A que se reflicte no PCT		
16. PRAZO DE GARANTÍA			
17. VARIANTES OU MELLORAS (indicar a opción elixida)	Non se admite a presentación de variantes ou melloras	<input type="checkbox"/>	
	Admítese a presentación de variantes ou melloras	<input checked="" type="checkbox"/>	
Elementos sobre os que se admite a presentación de variantes ou melloras	Sobre as condicións fixadas con carácter mínimo no PCT. A título de exemplo: franquicia máxima, sublímite por vítima, e, en xeral, sobre as coberturas complementarias opcionais.		



ANEXO 2: MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D/ D^a _____ con domicilio en _____ rúa ____ núm _____ teléfono _____ e correo electrónico _____, con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____ actuando en nome propio (ou en representación de _____ DNI ou CIF núm. _____ e con domicilio en _____ rúa ____ núm _____ teléfono _____) toma parte no procedemento negociado para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de _____, e para cuxos efectos fai constar:

1º.- Que ofrece o seguinte prezo:

A) Prima total..... euros

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.

3º.- Que se acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

_____, de ____ de _____ de 2008

O licitador (asinado e rubricado)



ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

(1)	A. DOCUMENTACIÓN
	B. REFERENCIAS TÉCNICAS
	C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación do servizo de (2)

presentada por

teléfono

fax

correo electrónico

_____, de ____ de _____ de 2008

(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 10.

(2) Indicar o título do contrato